

INTRODUCCIÓN

Imaxinade un prado, un sendeiro que conduce ó bosque, e naquel prado un encontro sorprendente fóra do tempo: hoxe en día chamariámoslos dous “intelectuais”, mais os nosos antepasados dirían dous “sabios”; en fin, dúas persoas cultas, separadas por dous mil anos de historia e de progresos científicos, dous eruditos que posúen coñecementos valiosos para comprender e a salvagardar a vida do home neste planeta, dous humanos que queren contaxiar ós seus semellantes coa conciencia de ser parte dun mundo natural marabilloso e de pertencer a un planeta onde a vida é o froito de algo case milagroso.

Un encontro máxico, polo tanto, onde se coñecen e dialogan un antigo druída e un biólogo moderno, durante o cal o lector toma conciencia de como a ciencia contemporánea está redescubriendo e confirmando antigos símbolos e coñecementos esquecidos e, de como a bioloxía está poñendo o seu propio foco sobre a necesidade de recuperar un estilo de vida estritamente relacionado coa Natureza.

Os dous protagonistas deste libro acompañaranvos nun inusitado e estimulante paseo polo bosque, entre árbores, cores, follas, claros, fungos, razoando sobre as relacións entre os elementos e debatendo sobre a sacralidade da vida en Gaia, o noso planeta, do que chegaredes a comprender a súa esencia de *organismo vivo*. A conversa entre os dous sabios flúe espontaneamente, nunha sucesión de ideas e reflexións en constante equilibrio entre ciencia e filosofía, bioloxía e ética, entre contemporaneidade e antigüidade, na crecente conciencia dos sorprendentes puntos de contacto entre as leis físico-químicas e biolóxicas que gobernan a natureza e a espiritualidade arcaica dos que decidimos chamar “indíxenas europeos”.

Un libro innovador baixo moitos puntos de vista, polo seu contido e estilo, e certamente revolucionario polo seu

propósito de revivificar a capacidade de “saber marabillar-se” ante as leis que gobernan e dan forma á vida, así como fronte á súa manifestación visíbel.

Este traballo naceu para proporcionar un enfoque estimulante para profundar no estudo da bioloxía e das ciencias naturais; é unha valiosa ferramenta para xerar curiosidade dun xeito imaxinativo e rigoroso, e para empuxar os lectores, mozos ou menos mozos, a considerar a bioloxía coma un valioso instrumento de coñecemento da realidade, dende perspectiva de continuidade co enfoque filosófico dos antigos fisiólogos.

Os estudantes de ciencias da educación, e tamén os de ciencias naturais, química e bioloxía, atoparán neste ensaio un instrumento útil para dar sentido a taxonomías e regras aparentemente frías, así como quen estuda ciencias forestais será estimulado para comprender de que modo o entorno natural e o bosque constitúen o produto de fascinantes equilibrios e desequilibrios entre os elementos. Asemade, os apaixonados do simbolismo e das espiritualidades ancestrais verán neste libro un instrumento útil para achegarse ó mundo do druidismo e do xamanismo dun xeito innovador, descubriendo as bases puramente científicas que están na orixe dos mitos e dos símbolos sagrados.

ÍNDICE

Introdución	13
1. O encontro.....	15
2. A materia.....	21
3. A evolución da vida.....	29
4. A biodiversidade.....	41
5. Simbiose e hipermar.....	57
6. A pel de Gaia.....	65
7. No límite do bosque: o verde	75
8. Debaixo do bosque: o negro	87
9. O ciclo do bosque: o branco e o vermello.....	101
10. Sol e auga, nitróxeno e osíxeno.....	111
11. O nemeton no claro sacro da investigación.....	119
12. Aprender do bosque.....	137
Bibliografía.....	159

